


CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN ESPAÑA SALUD DE VENEZUELA EN CARACAS COA FINALIDADE DE CONTRIBUÍR Á ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO SANITARIAS E DE ATENCIÓN DOMICILIARIA DA CIDADANÍA GALEGA RESIDENTE EN VENEZUELA.

En Santiago de Compostela, 1 de abril de 2022

REUNIDAS




Dunha parte, a **Secretaría Xeral da Emigración**, representada neste acto polo secretario xeral da Emigración, D. Antonio Rodríguez Miranda, nomeado mediante o Decreto 140/2020, do 17 de setembro, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional segunda do Decreto 109/2021, do 15 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.


E doutra, a **Fundación España Salud**, de Caracas, Venezuela, representada neste acto polo director, D. Álvaro Luis Gómez Rodríguez, en virtude das facultades que lle outorgan os estatutos da entidade.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio de colaboración e, para estes efectos,

EXPOÑEN



PRIMEIRO.- As administracións públicas, no exercicio das súas competencias, poden subscribir convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, ao abeiro do disposto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en concordancia co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.



SEGUNDO.- De acordo co establecido no artigo 22 do Decreto 109/2021, do 15 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito da emigración e do retorno ao que lle corresponden as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, e, en particular, as relacións e apoio ás persoas e ás comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento e a representación e participación nos órganos e foros

relacionados con elas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia.

TERCEIRO.- De acordo co citado Decreto 109/2021, do 15 de xullo, a Secretaría Xeral da Emigración ten entre as súas funcións o desenvolvemento de accións tendentes á mellora do benestar social e da calidade de vida da cidadanía galega no exterior.

CUARTO.- A Fundación España Salud é unha entidade sen ánimo de lucro, radicada en Venezuela, cuxo obxecto é a prestación de asistencia sanitaria médico-cirúrxica e farmacéutica ás persoas emigrantes españolas beneficiarias de pensións asistenciais, en particular a aquelas que se atopan en situación de precariedade económica, sen prexuízo de que a súa acción se estenda a toda a colectividade española; presta, ademais, o Servizo de Axuda a Domicilio (SAD) para asistencia a persoas en situación de dependencia co fin de atender as súas necesidades da vida diaria, dando cobertura a mais de 6.000 españois e españolas residentes en Venezuela entre os que figuran máis de 1.800 de orixe galega.

QUINTO.- En Venezuela reside unha importante colonia de persoas de orixe galega (preto de 28.000 segundo o censo electoral de residentes no estranxeiro de decembro de 2021) que, pola súa situación de carencia, sofren unha falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e sanitaria, situación actualmente agravada polas especiais circunstancias que se viven no país de residencia. É por isto que ambas as partes entenden que precisan da súa atención e que é necesario xuntar esforzos e exercer unha colaboración que permita dar cobertura á colectividade galega.

SEXTO.- A Secretaría Xeral da Emigración estima que é necesario establecer unha colaboración co obxecto de contribuír a prestar asistencia sanitaria cirúrxica e farmacéutica hospitalaria, así como axuda domiciliaria á colectividade galega residente en Venezuela maior de 65 anos que, por razón de carencia ou de dependencia, se atope en situación de necesidade e non poida afrontar o custo destas prestacións; a Fundación España Salud de Venezuela conta coa infraestrutura suficiente e está disposta a prestarlle este servizo.

SÉTIMO.- A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, ao non ser posible promover a concorrència pública, ao amparo do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica na pretensión de mellorar a saúde, o benestar social e a calidade de vida da colectividade de emigrantes galegos e galegas residentes en Venezuela que, por cuestións de idade, presentan problemas asociados e derivados desta circunstancia persoal, por razóns de carácter social e humanitario

Por todo o exposto, tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración que recolle as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- *Obxecto*

Este convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre as entidades asinantes co fin de contribuír á atención das necesidades sanitarias e domiciliaria ás persoas maiores da colectividade galega residente en Venezuela que necesitan da súa cobertura, por razóns de idade, dependencia e falta de recursos para afrontalas.

SEGUNDA.- *Persoas beneficiarias*

Serán destinatarias desta actuación as persoas de orixe galega ou descendentes destas ata o segundo grao de consanguinidade, con nacionalidade española e residentes en Venezuela, maiores de 65 anos, que presenten as necesidades amparadas por este convenio e carezan de recursos suficientes para a súa atención.

Entenderase que carecen de recursos suficientes cando non dispoñan de rendas superiores á pensión prevista polo Estado español durante 2022 para as persoas residentes neste país, beneficiarias do seguro obrigatorio de vellez e invalidez (SOVI).

TERCEIRA.- *Crédito orzamentario*

Co obxecto de colaborar no financiamento das accións recollidas neste convenio, a Secretaría Xeral da Emigración comprométese a achegar unha contía de **setenta e cinco mil euros (75.000 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

A contía da achega está destinada a sufragar os gastos correntes xerados pola realización da actividade prevista e polo custo dos gastos coas entidades que presten tales servizos ás persoas beneficiarias deste convenio.

CUARTA.- *Compatibilidade*

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade que se vai realizar.

QUINTA.- *Prazo e modos de pagamento*

Tras a sinatura deste convenio, efectuarase unha achega anticipada, por unha contía de **vinte mil cen euros (20.100 €)**, atendendo ao disposto no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, como financiamento necesario para poder levar a cabo as accións previstas.

Logo da xustificación do pagamento anticipado, poderanse realizar pagamentos á conta da liquidación definitiva a medida que a entidade beneficiaria xustifique a

realización das accións previstas neste convenio. Estes pagamentos e o total do anticipo, en base ao disposto no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, non superarán o 80% da subvención concedida.

Á vista do establecido no artigo 65, puntos 4 e 5, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por tratarse dunha entidade sen fin de lucro e ser o obxecto do convenio o desenvolvemento de programas de acción social, a entidade non estará obrigada a constituír garantía.

O importe restante librarase no momento no que a entidade beneficiaria xustifique, na súa totalidade, o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se lle concedeu a axuda.

SIXTA.- Prazo e forma de xustificación

O prazo de xustificación deste convenio remata o 15 de outubro de 2022.

En virtude do disposto no título III, artigos 42 e 44, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a xustificación do convenio efectuarase na modalidade de conta xustificativa.

O pagamento efectuarase contra a presentación de conta xustificada que conterá a seguinte documentación:

- Certificación acreditativa na que se exprese que a totalidade dos fondos foron empregados na consecución dos obxectivos do presente convenio, asinada por quen represente á entidade.
- Memoria final detallada das actuacións levadas a cabo ao abeiro do convenio asinada por quen represente á entidade, na que se farán constar os obxectivos acadados.
- Relación clasificada dos gastos coas actividades e servizos prestados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento.
- Documentos xustificativos dos gastos, tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que fosen efectivamente pagados durante o período de vixencia do convenio e con anterioridade á data de finalización da súa xustificación.

Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria. Non obstante, para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros, aceptarase a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor, en virtude do disposto no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Se é o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.
- Relación das persoas beneficiarias atendidas con cargo a este convenio pola Fundación España Salud. Esta relación incluírá nome e apelidos, DNI, data e provincia galega de nacemento ou de orixe das persoas beneficiarias, así como o tipo de prestación efectuada.

Antes da sinatura do convenio e antes de facerse efectivo cada pagamento achegaranse as seguintes declaracións:

- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas como as pendentes de resolución, concedidas para os mesmos fins que son obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ou de entidades privadas.
- Declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro.

SÉTIMA.- Reintegro

Procederá o reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devindicados desde o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que haxa que minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- b) Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

OITAVA.- Obrigas das partes

1. A **Fundación España Salud** comprométese a:

- Acoller ás persoas maiores de orixe galega que se atopen en situación de necesidade segundo o previsto na cláusula segunda deste convenio e prestarlles os servizos de atención primaria de saúde, especializada ambulatoria, hospitalaria e cirúrxica de emerxencia, farmacéutica e de asistencia funeraria.



- Prestarlle á dita colectividade os servizos de atención no domicilio ás persoas en situación de dependencia relativos ás actividades da vida diaria que inclúen o coidado persoal, actividades domésticas básicas, mobilidade esencial, etc., co fin de contribuír á permanencia no fogar mentres sexa posible.
- Dispoñer do persoal especializado necesario para conseguir a finalidade deste convenio.
- Desenvolver as actuacións obxecto do convenio de acordo co plan de asistencia médico-farmacéutica e de dependencia da entidade, e informar periodicamente á Secretaría Xeral da Emigración sobre os resultados sociais desta iniciativa.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.
- Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para as persoas beneficiarias de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Facer constar, en todo tipo de publicidade e información que se realice ao desenvolver este convenio, a condición de entidade subvencionada pola Secretaría Xeral da Emigración, así como o seus correspondentes logotipos.
- Facilitar a actuación do persoal técnico da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.
- Subministrar á Secretaría Xeral da Emigración, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título I da citada Lei por parte da Secretaría Xeral da Emigración.

2. A Secretaría Xeral da Emigración obrígase a:

- Achegar o importe do financiamento previsto na cláusula terceira condicionada ao cumprimento do estipulado no presente convenio.

NOVENA.- Modificación do convenio

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para conceder esta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

2. Igualmente, e de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

DÉCIMA.- Causas de resolución do convenio

Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán causa de resolución do presente convenio e darán

lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros, as seguintes:

- a) O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste convenio.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dúas representantes da Secretaría Xeral da Emigración, das cales unha exercerá a presidencia, e dúas en representación da entidade.

A comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Esta comisión actuará segundo o previsto no capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida, serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración.

DÉCIMO SEGUNDA.- Relación laboral

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto coa Secretaría Xeral da Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración ou o persoal dela dependente non impartirá instrucións nin ordes ao persoal contratado para a execución deste convenio.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- Publicidade, seguimento e colaboración

En virtude do establecido nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o convenio deberá ser publicado a través da Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS), que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións a través da súa páxina web www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index.

A entidade beneficiaria da axuda coñece e consente a inclusión dos seus datos nos rexistros nos que, en virtude da normativa á que está sometido o convenio, deberá

dárselle publicidade a esta subvención, en concreto, nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso de todas as partes para ás obrigas de publicidade impostas pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

As persoas asinantes do convenio prestan o seu consentimento para que os seus datos, que constan no convenio, máis o resto das especificacións contidas nel, podan ser obxecto da devandita publicidade.

DÉCIMO CUARTA.- Réxime xurídico

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido nel, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos e demais normativa que sexa de aplicación.

No caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistencia pola outra parte, procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos, esta entidade reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que esta dispuxese.

As lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación deste convenio (agás as que teñen que ver co outorgamento, xustificación, pagamento, reintegro e determinación de responsabilidades relativas á subvención concedida, que serán resoltas polo secretario xeral da Emigración) serán integradas, interpretadas e resoltas de xeito motivado pola Administración autonómica, logo do ditame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula décimo primeira. Contra estas resolucións, polo carácter administrativo deste convenio, poderanse interpoñer os oportunos recursos contencioso-administrativos ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 25 de outubro de 2022, agás que sexa denunciado por algunha das partes por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2022.

DÉCIMO SEXTA.- Protección de datos

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de

protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos. En proba de conformidade con canto antecede, asinan dous exemplares deste convenio, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O secretario xeral da Emigración



Antonio Rodríguez Miranda

O director da Fundación España Salud



Álvaro Luis Gómez Rodríguez



